




**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 3 DE MAIO DE 2013.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día tres de maio do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-**

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 23 de abril de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela polo que a referida acta foi aprobada.

### **PUNTO 2.- ACORDOS**

Dase conta do informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 23 de abril de 2013 sobre o grao de incumprimento da obriga de urbanización por parte da promotora PROINGALIA 2007, S.L. respecto das obras de construción dunha nave industrial no lugar das Cachadas e sobre a posibilidade de execución do aval depositado.

A Xunta de Goberno Local acorda requerir ó promotor para que execute a urbanización do vial no prazo de 30 días, advertíndolle que, no caso de non facelo, acometerá ditas obras ó propio Concello con cargo o aval que dito promotor ten depositado neste Concello.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Dase conta do informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 23 de abril de 2013 sobre o grao de incumprimento da obriga de urbanización por parte da promotora LIMIASA PROMOCIONES S.L. respecto das obras de construción dun edificio de 31 vivendas sito entre as rúas Circunvalación e Cal e sobre a posibilidade de execución do aval depositado.

A Xunta de Goberno Local acorda requirir ó promotor para que execute a urbanización do vial no prazo de 30 días, advertíndolle que, no caso de non facelo, acometerá ditas obras ó propio Concello con cargo o aval que dito promotor ten depositado neste Concello.

Lese o escrito RE 6.152 de data 26 de setembro de 2012, presentado por D<sup>a</sup>. I.R.M., con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, Bloque 4-4<sup>o</sup> Dta, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Agustín Nandín Lomba, Bloque 4-4<sup>o</sup>Dta.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1<sup>o</sup> trimestre do ano 2013 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3<sup>o</sup> trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.613 de data 5 de setembro de 2012, presentado por D. J.V.G., con enderezo na rúa Laxes-Buxán, n<sup>o</sup> 9, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Laxes-buxán, n<sup>o</sup> 9-baixo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1<sup>o</sup> trimestre do ano 2013 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4<sup>o</sup> trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 7.171 de data 12 de novembro de 2012, presentado por D. V.C.A., con enderezo na rúa Brasilino Alvarez, n<sup>o</sup> 6-3<sup>o</sup> Esq, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Brasilino Álvarez, n<sup>o</sup> 6-3<sup>o</sup>Esq..

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1<sup>o</sup> trimestre do ano 2013 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4<sup>o</sup> trimestre de 2013 incluído,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.465 de data 15 de outubro de 2012, presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. L.G. da S. R, con enderezo na rúa Cal, nº 29-1<sup>o</sup>Dta, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Cal, nº 29-1<sup>o</sup>Dta.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1<sup>o</sup> trimestre do ano 2013 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4<sup>o</sup> trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.304 de data 4 de outubro de 2012, presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.C.S.B., con enderezo na rúa Avda. de San Lorenzo, nº 19, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Avda. de San Lorenzo, nº 19.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1<sup>o</sup> trimestre do ano 2013 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3<sup>o</sup> trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.573 de data 4 de setembro de 2012, presentado por D. D.P.G., con enderezo na rúa 4<sup>a</sup> Transv. Solanas, nº 8, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa 4<sup>a</sup> Transv. Solanas, nº 8-baixo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1<sup>o</sup> trimestre do ano 2013 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4<sup>o</sup> trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.419 de data 11 de outubro de 2012, presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.S.F.P., con enderezo na rúa Rosal-Molino de Abajo, nº 4-1<sup>o</sup>A, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Rosal-Molino de Abajo, nº 4-1<sup>o</sup>A.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2013 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Dase conta do informe da Técnico de Información Xuvenil da Guarda relativo á realización das actividades de:

- campamento urbano de verán cunha cota de de 50 € por neno
- campus polideportivo cunha cota de 60€ unha semana e 100€ os quince días.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar estas actividades así como as cotas correspondentes.

Lese o escrito RE 2.132 de data 26 de abril de 2013, presentado por D. MANUEL LUIS VERDE RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa da 3ª Transv. Salgueiró, nº 8, solicitando autorización para a transmisión da licenza municipal de autotaxi nº 14 ó seu chófer asalariado D. Jorge Martínez Lomba.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó departamento económico para que comuniquen ó solicitante a cuota fiscal a abonar para facer a transmisión.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de ABRIL DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 2.238 de data 2 de maio de 2013, presentado por D. JOSÉ LUIS GIL VICENTE, con enderezo na rúa Cruz, nº 19 da Guarda, solicitando a revisión dunha obra realizada por Toxal, C.B. que afecta a unha parcela súa. Tamén solicita copia da licenza municipal desa obra.

A Xunta de Goberno Local acorda darlle traslado ao Aparellador Municipal para que informe ao respecto; acorda tamén que se lle entregue copia da licenza municipal.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 1.960 de data 16 de abril de 2013, presentado por DNA. MONICA TABOADA VEIGA, actuando en representación de ELICIO MAGALLANES RODRÍGUEZ, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Galicia, nº 8-4ºB da Guarda, solicitando autorización para instalar unha terraza na rúa Vicente Sobrino, nº 12 (Cafetería Elimar).

Dase conta tamén do informe da Policía Local da Guarda de data 29 de abril de 2013 que literalmente di: *"...dadas las dimensiones de dicha calzada no permite la instalación de una terraza en esa calle. Existe frente la cafetería una zona señalizada para carga y descarga que es necesaria y es la que se utiliza para descargar mercancía tanto para el establecimiento solicitante, como para los demás que están instalados en esa calle (Farmacia/ pastelería /librería/ joyería /peluquería). Por lo anteriormente expuesto, una terraza con las medidas de protección que requiere, a mi juicio, no se puede instalar en la calle mencionada, por lo que es deber de este agente de emitir un informe negativo sobre la instalación de la misma."*

A Xunta de Goberno Local, visto o informe antedito e de acordo con el, acorda denegar o solicitado.

Lese o escrito RE 1.961 de data 16 de abril de 2013, presentado por D. RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa 3ª Transv. A Cruz, nº 22 da Guarda, solicitando autorización para pintar unhas liñas amarelas que impidan o estacionamento nesa rúa a altura do número 24.

Dase conta tamén do informe da Policía Local de data 29 de abril de 2013 que literalmente di: *"...Que examinada la documentación existente en este Concello, además de verificar también datos por medio del Catastro, no existe ningún documento que acredite que la zona que usted solicita para pintar esté situada en camino publico. Por lo que esta policía no puede señalar una zona que no está claro que sea de titularidad municipal"*.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda comunicarlle que non poden acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 2.113 de data 25 de abril de 2013, presentado por D. DAVID RODRÍGUEZ LOMBA, con enderezo na Estrada da Gándara, nº 28 da Guarda, solicitando autorización para realizar un concerto de rock na Estación de Autobuses o día 13 de maio; solicitan tamén toma de corrente.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se pode acceder ao solicitado salvo que estea avalado por algunha asociación.

Lese o escrito RE 1.735 de data 3 de abril de 2013, presentado por DNA. Mª. DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación de SOCIEDADE



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo a efectos de notificación na rúa 1ª Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando autorización para levar a cabo unha ginkana en recinto privado sito no lugar de Cetárea os días 29 e 30 de xuño de 2013. Solicita tamén

- Carteis indicadores de aparcamento, contenedores para o lixo, vallas e extintores
- Colaboración da Policía Local
- Limpeza da estrada de baixada á Cetárea e axuda na preparación do circuito.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se para obter a autorización para a celebración do evento deberá dar cumprimento ás seguintes condicións:

- 1.- A autorización se outorga só e exclusivamente para a realización da actividade solicitada, sempre que o recinto non sexa incompatible para tal actividade.
- 2.- Deberá identificarse claramente as persoas que organizan a actividade, co seu nome e DNI, debendo presentar escrito no que asuman a responsabilidade da organización do evento, así como os datos da asociación solicitante.
- 3.- Deberán especificar claramente a data, hora e duración do evento, limitando o aforo ou os participantes á capacidade do recinto.
- 4.- Deberá presentar declaración responsable de que se cumpren por parte do recinto e da asociación os requisitos esixidos para levar a cabo tal actividade.
- 5.- Deberá aportar un seguro de responsabilidade civil da cobertura do evento
- 6.- Unha vez concedida a autorización, o incumprimento de calquera das súas condicións será causa de revocación da mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, no caso de conceder a autorización, se accederá á limpeza da pista, pero non do recinto privado, por falta de persoal.

Lese o escrito RE 2.150 de data 29 de abril de 2013, presentado por Dna. ELISA GONZÁLEZ BAZ, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Largo, nº 6 da Guarda, solicitando a anulación do recibo por consumo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2012 con ID 130016527 por un erro na lectura e a emisión doutro coa lectura correcta.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da empresa encargada do servizo de lectura de contadores, acorda anular os recibos do cuarto trimestre de 2012 con ID 130016527 e emitir un novo coa lectura correcta.



CONCELLO  
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



### **PUNTO 3.- PRORROGA DE OBRAS**

---

[Lese o escrito RE 2.134 de data 26 de abril de 2013, presentado por DNA. M<sup>a</sup> PAZ PACHECO PACHECO, con enderezo na rúa de Laxe Grande, nº 11-1ºD da Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 109/2012.](#)

[A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 109/2012 por dezaioito meses.](#)

*Sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*